

Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de Lugo referentes ao aboamento do complemento de produtividade

Expediente: A.11.Q/5411/25

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2025

Sra. alcaldesa:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, iniciouse expediente relativo á non tramitación das solicitudes e recursos, da persoa promotora do expediente, referentes ao aboamento do complemento de produtividade.

ANTECEDENTES

Primeiro.- No escrito de queixa presentado indícase, en esencia:

- Que desde el 16/11/2020 hasta el 19/02/2024 presta servicio como funcionario interino en el Ayuntamiento de Lugo como ... con destino en el servicio de ... Su número de trabajador es el
- Con fecha 21/12/2021 presenta mediante registro de entrada XXX solicitud de revisión de la productividad anual correspondiente al 2021 por no figurar en la relación de trabajadores incluidos para el reparto de la productividad de dicho año.
- Con fecha 07/12/2022 presenta mediante registro de entrada XXX Recurso Potestativo de Reposición contra el reparto de la productividad anual del año 2022 por no figurar en la relación de trabajadores incluidos en el reparto de la misma.
- Con fecha 27/02/2023 solicita resolución expresa del recurso de reposición.
- No ha recibido respuesta a la solicitud del 21/12/2021 ni se le ha notificado resolución alguna al Recurso de Reposición de fecha 07/12/2022 ni la resolución expresa solicitada el 27/02/2023.
- Que sí ha percibido el complemento de productividad correspondiente al ejercicio 2023.
- Que en la página web pública del Centro de Documentación Judicial (CENDOJ) del Poder Judicial ha aparecido publicada, debidamente anonimizada, la sentencia del Tribunal Superior de Justicia de Galicia 0364/2024, de 15 de mayo de 2024, número de

recurso 167/2024 correspondiente a un Recurso de Apelación en el que la parte apelada es el Ayuntamiento de Lugo.

Achega as solicitudes presentadas (a última de 26 de xullo de 2024, número de rexistro: XXX) para o aboamento do complemento de produtividade que reclama.

Segundo.- Vista a súa queixa, solicítase informe á administración no que, en esencia, indica:

O interesado presentou solicitude de revisión da produtividade anual correspondente aos anos 2021 e 2022, así como recurso de reposición. Nos anos indicados non figurou na relación de traballadores/as incluídos para o reparto da produtividade por non cumprir os requisitos establecidos no Acordo 4/93 adoptado polo Excmo. Concello Pleno de 9 de xullo de 2019 o cal establece:

"CRITERIO 1.- CRITERIOS PRODUCTIVIDADE ANUAL DO COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE ANUAL"

Primeiro. - O complemento de produtividade anual se constitúe como un elemento retributivo que pretende favorecer o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa co que os empregados públicos municipais desempeñen o seu traballo durante o período anual sinalado no apartado segundo.

O complemento de produtividade pretende retribuír o cumprimento dos obxectivos da organización municipal, os cales se deben definir e establecer, por períodos anuais, para cada unha das unidades administrativas que conforman a estrutura organizativa do Concello.

...

Terceiro.- Este complemento se aboará a todos os empregados públicos que reúnan os seguintes requisitos, previo cumprimento dos obxectivos marcados:

- a) Ser funcionarios/as de carreira, persoal laboral fixo ou funcionario/a interino/a ou contratado/a temporal cunha antigüidade mínima de ocupación de dous anos, en activo.
- b) Preste servizos efectivos durante un período aló menos de 6 meses ao ano.

2. A que subscribe, por ter unha relación laboral no Servizo de Persoal a partir de xuño de 2023, non pode dirimir sobre a motivación da falta de resolución por parte da Administración da revisión e recurso de reposición presentados no seu momento pola persoa interesada; nembargantes, en disposición do sinalado no artigo 24 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o sentido do silencio nos procedementos de impugnación de actos e disposicións, así como nos de revisión de oficio iniciados a solicitude dos interesados, ten carácter desestimatorio.

3. A sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia 0364/2024, de 15 de maio de 2024, anula o apartado 3º, letra a), do primeiro dos criterios para o reparto do complemento de produtividade no Concello de Lugo, sinalados anteriormente. Así, en base á mencionada sentenza, os/as interesados/as que así o consideran están a presentar escritos de revisión da produtividade correspondente a anos anteriores, tendo en conta que tal revisión procedería con efectos de 4 anos desde a presentación da solicitude. Por parte da Administración procederase a realizar a comprobacións oportunas sobre o dereito á percepción do complemento de produtividade, dado que, a anulación do criterio temporal dos dous anos non implica que todos os/as interesados/as cumpran o criterio temporal dos 6 meses establecido no apartado 3º, letra b) do que non se pronunciou o Tribunal en canto á súa anulación e, dar resolución positiva ou negativa ás solicitudes presentadas a solicitude do/a interesado/a.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promove este expediente e do que se manifesta no informe da administración, resultan as seguintes consideracións:

Primeira.- A queixa ven motivada polo non aboamento do complemento de produtividade solicitado pola persoa promotora do expediente. A este efectos ten presentado diversos escrito dende febreiro do ano 2021 a xullo do ano 2024.

Este último escrito foi presentado á vista da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza 0364/2024, de 15 de maio de 2024, que anula o apartado 3º, letra a), do primeiro dos criterios para o reparto do complemento de produtividade no Concello de Lugo

Segunda.- No informe remitido o concello sinala que a devandita sentenza supón a tramitación dos escritos das persoas interesada que están afectadas pola mesma e que, por parte da administración, procederase á súa comprobación. Con todo non achega xustificación da contestación dos escritos presentados pola persoa promotora do expediente.

Terceira.- O marco xurídico vixente configura un sistema de garantías da cidadanía na súa relación coa Administración que descansa sobre mecanismos de participación, cuxa finalidade responde a facer compatible a actuación eficaz da Administración co exercicio dos dereitos da cidadanía e, en consecuencia, ese sistema debe responder á súa propia natureza garantista, o que comporta a necesidade de resolver expresamente, como regra xeral, as solicitudes e recursos que se formulen e que esa resolución estea motivada e notificada aos interesados con indicación de si é ou non definitiva na vía administrativa e recursos e prazos que procedan para interpoñelos.

Así, as solicitudes e recursos presentados pola persoa interesada deberían ter sido tramitados, conforme ao previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na que tamén se establece a obriga de contestar expresamente (artigo 21 da citada Lei 39/2015).

1. A Administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala en todos os procedementos calquera que sexa a súa forma de iniciación.

6: O persoal ao servizo das Administracións Públicas que teña ao seu cargo o despacho dos asuntos, así como os titulares dos órganos administrativos competentes para instruír e resolver son directamente responsables, no ámbito das súas competencias do cumprimento da obriga legal de ditar resolución expresa en prazo

Por outra parte, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público preceptúa non seu artigo 14, decisións sobre competencia

1. O órgano administrativo que se estime incompetente para a resolución dun asunto remitirá directamente as actuacións ao órgano que considere competente, debendo notificar esta circunstancia aos interesados

Cuarta.- En calquera caso a Administración está obrigada a responder á cidadanía que acude a ela debendo ofrecerlle unha resposta por escrito que ademais sexa unha resposta directa, rápida, exacta e legal, fundada en tempo e forma, adecuada ao procedemento que corresponda e congruente coas pretensións expresadas, todo elo con presteza e sen demoras inxustificadas.

Así mesmo, convén lembrar que o artigo 20 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, dispón que: O Valedor do Pobo “velará porque a Administración resolva expresamente, as peticións e recursos que lle foron formulados”.

No presente expediente, a falta de resposta da Administración competente, propiciou que a promotora desta queixa se dirixira á institución da Valedora do Pobo solicitando a súa intervención.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa entidade o seguinte **recordatorio de deberes legais:**

“Recordámoslle que de conformidade co disposto na normativa sinalada, a administración debe tramitar e, no seu caso, resolver expresamente as solicitudes e recursos presentados pola persoa promotora deste expediente de queixa, en caso de non telo feito na data en que se reciba esta resolución, e en xeral, sobre os escritos presentados pola cidadanía”.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño

Valedora do Pobo (en función)